



A túa innovación marca o camiño

Programa de
**IMPULSO
Á INNOVACIÓN**
nas pemes


**A ECONOMÍA
CIRCULAR COMO
OPORTUNIDADE
DE INNOVACIÓN
PARA AS PEMES**



A ECONOMÍA CIRCULAR COMO OPORTUNIDADE DE INNOVACIÓN PARA AS PEMES

A **economía circular** baséase na premisa de revalorizar os residuos xerados no proceso de produción en forma de novos activos para as empresas.

A circularidade supón unha oportunidade de ouro para as pemes innovadoras. A flexibilidade que lles outorga o seu tamaño a estas empresas é unha vantaxe á hora de posicionarse como creadoras de solucións para reintroducir os residuos como recursos de valor no mercado.



A economía circular é un novo modelo que implica compartir, arrendar, reutilizar, reparar, renovar e reciclar co obxectivo de ampliar ao máximo o ciclo de vida dos produtos.

As novas tecnoloxías e, en particular, as tecnoloxías exponenciais, son un motor de innovación para os modelos operativos das pemes.

As empresas deben facer un seguimento continuado para detectar:

- ▶ Que tecnoloxías poden transformar de xeito disruptivo o negocio
- ▶ Como se poden integrar de forma rápida nos seus procesos

Como se fai?

As 3 prioridades de innovación na economía circular



Analizar e tomar conciencia dos activos que a peme desbota no modelo produtivo liñal (tradicional) e **repensar o modelo** cara a circularidade identificando as oportunidades e explorando vías de transición entre eles.



Desenvolver novos modelos de relación e de negocio entre os diferentes axentes cos que se relaciona a peme no seu proceso de produción.



Innovar en solucións tecnolóxicas que permitan descubrir, desenvolver ou modificar os procesos convencionais de produción e de consumo.

As 2 ideas clave



Actúa nas primeiras fases

As accións para mellorar a circularidade dun produto terán maior impacto se se introducen na fase de concepción e deseño. Trátase de pensar o produto para durar, para ser reciclado, para ser remanufurado, etc.



Servitiza os teus produtos

Convén evolucionar os modelos de negocio dende vender exclusivamente produtos a vender servizos, porque:

- ✓ É máis sostible.
- ✓ Xera mellores resultados.
- ✓ Responde aos valores dos consumidores actuais.

É o que fan por exemplo as empresas que venden maquinaria en forma de servizo, cobrando polo seu uso e ocupándose do mantemento, o que aumenta a eficiencia.

É por isto que a selección dos materiais a utilizar é fundamental. Coñece a colección de materiais sustentables da **Materioteca de Galicia** [↗](#)

ELAS, EMPRESAS GRANDES E PEQUENAS, XA O PUXERON EN PRÁCTICA



IKEA

IKEA enfoca a circularidade como un compromiso coa clientela, dándolle prioridade á prolongación da vida útil dos produtos para facilitar o aforro de tempo, custos e esforzo. Algunhas destas iniciativas consisten en programas de arrendamento de mobles, opcións de devolución e recompra e apoio na reparación e reciclaxe de mobles antigos.



ECOPLAS BARBANZA

Desde o seu nacemento en 2006, a actividade innovadora de Ecoplas Barbanza permitiulle aumentar considerablemente as vendas de envases plásticos biodegradables e compostables, unha alternativa sustentable para produtos frescos como mariscos, hortalizas e froitas.



MOBALCO

Mobalco puxo en marcha un proxecto en colaboración co CIS Madeira, a Universidade de Santiago de Compostela e o Institut de Ciència i Tecnologia da Universitat Autònoma de Barcelona co obxectivo de acadar o 100 % de reciclabilidade dos seus mobles de cociña.

VILLAPOL

O equipo de Laminados Villapol está involucrado no proceso de creación dun novo servizo vinculado aos sumidoiros de carbono mediante *blockchain* para a trazabilidade do CO₂ fixado no mercado non regulado.



Accede a todos os cadernos para saber máis sobre innovación.



Coñece as historias de éxito de innovación protagonizadas por pemes galegas.

Contacta con nós para poñer en marcha o voso propio proceso innovador.

Programa de impulso á innovación nas pemes

Axencia Galega de Innovación

981 957 008

servizos.gain@xunta.gal

Rúa Airas Nunes s/n

15702 – Santiago de Compostela

<http://gain.xunta.gal>

